



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

ANUNCIO ESTABLECEMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA UNHA SAÍDA DE DINAMIZACIÓN DE PERSOAS MAIORES DE VAL DO DUBRA AO GROVE O 24 DE SETEMBRO DE 2026.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 10 de setembro de 2026, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o novo "Acordo regulador para o establecemento e xestión do prezo público aplicable á saída ao Grove para persoas maiores de Val do Dubra o 24 de setembro de 2026", nos termos do disposto a continuación:

"Acordo regulador para o establecemento e xestión do prezo público aplicable á saída ao Grove para persoas maiores de Val do Dubra o 24 de setembro de 2026.

ARTIGO 1. Obxecto, fundamento e natureza.

1.1. De conformidade co previsto nos artigos 127 e 41 a 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas (en diante TRLRFL), establécese, consonte o disposto nos artigos seguintes, o prezo público aplicable á saída ao Grove para persoas maiores de Val do Dubra o 24 de setembro de 2026.

1.2. Este prezo público constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán as persoas que, voluntariamente, teñan solicitado a súa condición de asistentes/participantes na saída organizada polo Concello de Val do Dubra

ARTIGO 2. Obrigados/a ao pagamento. Nacemento da obriga

Estarán obrigadas ao pagamento do prezo público, segundo as tarifas, importes e criterios indicados no presente acordo, as persoas asistentes/participantes na saída ao Grove organizada polo Concello de Val do Dubra. E a dita obriga nacerá dende o momento en que soliciten a dita asistencia/participación e se proceda a expedición e entrega por parte da administración municipal do xustificante acreditativo de tal circunstancia.

ARTIGO 3. Contías.

A contía do prezo público fíxase consonte as tarifas, importes e criterios sinalados a continuación.

- Tarifa xeral: 55 euros por cada persoa asistente/participante.

ARTIGO 4. Xestión

4.1 A liquidación e pagamento do prezo público correspondente, consonte as tarifas e importes anteditos, realizarase no momento de solicitar a asistencia/participación ante a administración municipal, que procederá a expedición/entrega de xustificante acreditativo de tal circunstancia.

4.2. Só procederá a devolución do prezo público aboado polos asistentes/participantes no caso de que por causas non imputables a estes a saída non se realice, ou non se desenvolva nos termos do previsto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Regulación supletoria

En todo o non especificamente disposto estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter lúdico, deportivo/a e/ou sociocultural organizadas polo Concello de Val do Dubra (BOP núm. 48, de 11 de marzo de 2020), así como nas restantes previsións normativas que resulten aplicables, ao efecto, en cada momento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA. Entrada en vigor, vixencia e aplicación.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

O presente prezo público, nos termos e contías cos que se teñen establecido, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, mantendo a súa vixencia en tanto que non se proceda a súa derogación ou modificación expresa mediante procedemento legalmente establecido”.

SEGUNDO.- Proceder á publicación do presente acordo no BOP, así como no taboleiro de anuncios do concello e dar traslado do mesmo á Intervención e Tesouraría Municipais, así como aos servizos municipais encargados da súa tramitación.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía para cantas actuacións de trámite e propias das súas atribucións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Val do Dubra, 15 de setembro de 2026

O alcalde

Diego Luís Díaz Méndez